

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**20020** *ORDETAS/3862/2004, do 22 de novembro, pola que se modifica a Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social. («BOE» 285, do 26-11-2004.)*

A OrdeTAS/2865/2003, do 13 de outubro, sobre o convenio especial no Sistema da Seguridade Social, regula no seu artigo 20 o convenio especial de empresarios e traballadores suxeitos a expedientes de regulación de emprego que inclúan traballadores con 55 ou máis anos de idade.

Ese artigo, que entrou en vigor o 19 de outubro de 2003, desenvolve e aplica o establecido na disposición adicional trixésimo primeira da Lei xeral da seguridade Social, sobre o réxime xurídico do dito convenio especial, en cuxo número 2 se impón a obriga do respectivo empresario de aboar, ao seu exclusivo cargo, as cotas dese convenio, calculadas sobre a media das bases de cotización do traballador nos últimos seis meses de ocupación cotizada e ata que este cumpra 61 anos de idade.

A Orde do 13 de outubro de 2003 non preveu no seu artigo 20 o incremento automático para cada exercicio desas bases de cotización nesta modalidade de convenio especial en iguais termos aos establecidos no seu artigo 6 con carácter xeral, aínda que regula no seu número 3 a posibilidade de incrementalas a cargo do traballador a partir de que este cumpra 61 anos de idade.

Esa regulación provocou disfuncións en razón deste tratamento dispar entre a etapa en que o traballador teña menos de 61 anos e aquela en que cumprise xa esa idade, desde que se establecera esta modalidade de convenio especial regulada na disposición adicional trixésimo primeira da Lei xeral da seguridade social, que entrara en vigor o 1 de xaneiro de 2002.

Tal disparidade reguladora preténdese resolver mediante esta orde, ao tempo que se emendan tamén outras disfuncións en canto ao tipo de xuro aplicable nas cantidades que sexan obxecto de reversión respecto das cotas totalizadas por este convenio conforme o número 3 da dita disposición adicional trixésimo primeira e nos termos do número 4 deste artigo 20 da Orde do 13 de outubro de 2003, considerándose necesario, por razóns de seguridade xurídica e a estabilidade do tipo de xuro aplicable, que este sexa o do xuro legal fixado anualmente, para cada exercicio, na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, resulta necesario completar a regulación das distintas modalidades específicas de convenio especial para impor, con carácter xeral e non só nos casos que expresamente se indican no texto vixente da Orde do 13 de outubro de 2003, a supletoriedade do capítulo I en todas as modalidades que regula o seu capítulo II, suprimindo no posible as referencias específicas como as dos números 3 dos artigos 12 e 23 deste.

Por todo o anteriormente exposto, este ministerio, en uso das atribucións que ten conferidas, dispón:

**Artigo único.** *Modificación do artigo 20 e adición dun novo artigo na OrdeTAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social.*

Un. Engádenselle dous novos parágrafos ao número 3 do artigo 20, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, a base de cotización aplicable neste convenio especial, respecto dos traballadores menores de 61 anos de idade, poderá ser incrementada en cada exercicio conforme o establecido nos números 2.2 a 2.5 do artigo 6 desta orde, cando, con carácter voluntario, sexa solicitada polo empresario ou polo traballador afectados ou por ambos os dous.

Para estes efectos, as partes interesadas subscribirán unha cláusula adicional ao convenio pola cal se determine o responsable do pagamento do incremento de cotas resultante, sen necesidade de presentar aval ou outra garantía nin de substituír por terceiro o responsable do pagamento, sendo aplicable á suspensión e á extinción da dita cláusula o establecido no artigo 10 desta orde.»

Dous. Modifícase o último parágrafo do número 4 do artigo 20, que queda redactado nos termos seguintes:

«Estas regularizacións devengarán o xuro legal do diñeiro vixente na data en que se produza o feito causante do reintegro, calculado desde a data do ingreso da cantidade non consumida obxecto de devolución ata a proposta de pagamento, pero non darán dereito ao cobramento do custo dos avais ou das substitucións da empresa debedora, e para o seu pagamento a Tesouraría Xeral poderá acordar a retención do pagamento da devolución na contía estritamente necesaria para asegurar o cobramento da débeda que o titular do dereito á devolución tiver coa Seguridade Social, nos termos regulados no artigo 54 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e sen prexuízo de notificar, se é o caso, o crédito pola devolución á unidade de recadación executiva correspondente.»

Tres. Engádese un novo artigo 28 coa seguinte redacción:

«Artigo 28. *Aplicación supletoria.*

No non previsto nos artigos anteriores deste capítulo aplicarase o disposto no capítulo I desta orde.»

Catro. Quedan suprimidos os números 3 dos artigos 12 e 23 da OrdeTAS/2865/2003, do 13 de outubro.

Disposición transitoria.

O disposto nesta orde seralles aplicable aos convenios especiais de empresarios e traballadores suxeitos a expedientes de regulación de emprego subscritos desde o 1 de xaneiro de 2002, data da vixencia da disposición adicional trixésimo primeira da Lei xeral da Seguridade Social, engadida polo artigo 7 da Lei 35/2002, do 12 de xullo, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

Disposición derradeira.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 22 de novembro de 2004.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Excmo. Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.